



Nunha Escritura da Igrexa de Tui de Decembro de 1156 faise mención na terra de Miñor da de San Cristovo, que aínda que non o di enténdese é a presente da que falamos. Venera por Patrón tutelar a San Cristovo Mártir cananeo (083), a quen celebran a súa festa o 30 de Xullo. Habitana 138 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz de San Miguel de Desegueyro, e polo político e gobernativo á Xustiza de Salceda. Reditúan os seus décimos e quintos 15.600 reais, dos que leva o Párroco, a saber, do décimo a terceira parte, e do quinto a sétima, e o restante do un e outro lévao todo o Rdo. Bispo de Tui: aquel ten casa reitoral ígrexario e díestros de 16½ ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 1 ferrado de trigo, 4 de centeo, e 50 de millo de foros e quintos. A fábrica da Igrexa cobra 2½ ferrados de millo, e 128 reais. Este beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Ten Ermida de Nosa Señora dos Remedios con romaría nela. Dista de Tui 2 leguas menos cuarto. (ÁVILA Y LA CUEVA, 501).





Igrexa parroquial

Igrexa dunha soa nave cunha ábsida rectangular máis estreita.

A cada lado da ábsida ten inscrita a data de 1731, probablemente é cando remataron as obras de construción.

A fachada principal (082) é completamente lisa, sen ornamentación, e remátase nunha torre de base cadrada con oco en cada cara. A súa cuberta é unha pirámide regular que apoia na cornixa. Nos catro vértices ten pináculos da mesma feitura que os de remate de beiril, pero máis pequenos. Ten unha cruz metálica como remate.

A porta é de arco de medio punto e descansa sobre xambas lisas, con enmocheitado e derrame para o interior.

No eixe da fachada, por enriba da porta, unha ventá cadrada.

As outras tres fachadas tamén presentan muros lisos. No lado norte ten dous corpos máis baixos que se engadiron posteriormente: un, para a sancristía, xunto a ábsida, e outro, ao pe da nave, para baptisterio. Polo exterior únense cun pórtico con cuberta de tella, que apoia nunha soa columna octogonal.

As portas son moi sinxelas, con lintel e xambas con mocheta e derrame interior.

As ventás son abucinadas cara o exterior.

Unha cornixa lineal de pedra remata os muros de fábrica.

A ábsida ten bóveda de canón, con arco toral sobre pilastras.

A nave e a sancristía teñen teito en madeira a dúas augas.

Sufriu diversas obras de restauración no século pasado, entre elas a construción da torre, xa que antes tiña unha espadana de dous ocos na fachada principal. No muro sur consta a inscrición:

“SE RESTAURO EN 1906
ABAD D. JOSE GOMEZ”

O **retablo actual** (084) é un pastiche plano de madeira con dúas peañas modernas de pedra para sustentar ao **Patrón** e á Virxe do Rosario, que enmarcan o **Crucifixo** (085).

Fóra del, tamén no presbiterio, hai dúas imaxes barrocas interesantes de **S. Xoaquín** (086) e **Sta. Ana** (087).

Fora do adro, na estrada, e no peche da casa reitoral hai un altar e un calvario, no que a cruz central non ten fuste, senón que apoia directamente enriba do muro (088).

Capela dos Remedios

No barrio do mesmo nome.

O templo orixinal foi reedificado no ano 1768 como nos di a inscrición que hai sobre a porta da fachada.

É dunha soa nave e ábsida de planta rectangular e menor altura.

A fachada é muro piñón e está flanqueada por pilastras laterais que rematan en pináculos.

A espadana está no eixe da fachada, e é dun só oco de arco semicircular. Coróase con pináculos laterais e cruz pétrea no centro.

A porta da entrada está alintelada con recercado e pestana de moldura. Sobre ela hai unha fornela con pestana curvada e enriba dela unha xanela tamén recercada.

Hai pináculos nos ángulos e sobre o lintel dos piñóns da nave e da ábsida.

No adro da capela hai un cruceiro, que no reverso ten a Virxe das Dores sobre peaña e coa daga metálica.

FESTAS E ROMAXES DE COUSO

- San Cristovo: derradeiro domingo de xullo
- Virxe dos Remedios: domingo da Ascensión

